

Reverse Healthcare Supply Chains for Circular Economy

O proxecto **REHEAL** de 4 anos de duración está destinado a facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios, mediante ferramentas dixitais e o despregamento dunha estratexia de contratación pública de innovación. REHEAL enmárcase no Programa Horizon Europe PCP e atopase financiado pola Unión Europea na súa totalidade. Este proxecto está liderado pola Universidade de Edimburgo (Reino Unido) como socio coordinador e conta coa participación como socios de 7 entidades europeas pertencentes a diferentes ámbitos para o seu desenvolvemento.

Socios:

- Data-Driven Innovation, the University of Edinburgh (Reino Unido) -socio principal
- NHS National Services Scotland (Reino Unido)
- Scottish Government (Reino Unido)
- Servizo Galego de Saude (SERGAS)
- Axencia Galega para a Xestión do Conecemento en Saude (ACIS)
- Region Hovedstaden (Dinamarca)
- Fundacja Klaster Lifescience Krakow (Polonia)
- Mitera Idirotiki Geniki, Maieytiki, Gynaikologiki Kai Paidiatriki Kliniki Anonymi Etaireia - MITERA (Grecia)
- EIT Digital (Bélxica)

REHEAL reúne hospitais, provedores, investigadores e responsables políticos para deseñar e probar solucións innovadoras que fagan que as cadeas de subministración sanitarias sexan máis circulares, resilientes e climáticamente neutras a través da modalidade de Compra Pública Precomercial. Os Grupos de Compradores Locais (GLC) son a pedra angular do proceso de innovación de REHEAL. Hai cinco GLC, situados en Escocia, Galicia (España), Dinamarca, Grecia e Polonia, que xuntos representan a máis de 260 hospitais, 300.000 profesionais sanitarios e 17 millóns de cidadáns. Cada GLC funciona como un centro de innovación rexional, reunindo xestores de compras sanitarias, actores da cadea de subministración e partes interesadas locais para codeseñar, probar e perfeccionar solucións prácticas de compra circular.

O proxecto pretende facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios ao mesmo tempo que introducir a perspectiva de xénero e fomentar novas oportunidades de mercado para novas empresas e PEMES que adopten modelos orientados á economía circular. Para acadar este obxectivo empregará unha estratexia de Compra Pública de innovación xunto con metodoloxías CivTech, para codiseñar e pilotar solucións innovadoras de cadea de subministro inversa con 20 provedores, así como un proceso de teste baseado en Living labs.

Orzamento total: 7.358.767 EUR

Páxina web: www.rehealhorizon.eu

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Portal TED UE -
PIN REHEAL
(anuncio previo)

Galicia participa na reunión do proxecto REHEAL en Atenas (Grecia) para a busca de solucións innovadoras no eido das cadeas sanitarias de subministro circulares	>
O Servizo Galego de Saúde presenta a Consulta Preliminar ao Mercado do proxecto REHEAL para busca de solucións innovadoras no eido da circularidade das cadeas de subministro sanitarias	>
O Servizo Galego de Saúde reúne en Lugo para manter un encontro de traballo coa delegación escocesa do proxecto REHEAL de Compra Pública Precomercial sobre cadeas de suministro circulares	>
Galicia participa na sesión inaugural do proxecto europeo REHEAL de Compra Pública Precomercial no ámbito das cadeas de suministro sanitarias circulares	>